

Gaña o premio Álvaro Cunqueiro coa novela *Homónim@*

Antón Riveiro Coello

‘Unha novela precisa imaxinación e boa prosa’

⇒ C.V.

EN *HOMONIM@*, A NOVELA COA QUE VEN DE ACADAR O PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO, ANTÓN RIVEIRO COELLO RECOÑECE O MAXISTÉRIO DE JUAN RULFO E GARCÍA MÁRQUEZ. UNHA BOA DOSE DE IMAXINACIÓN, MOITO TRABALLO E UNHA COIDADADA PROSA SON OS INGREDIENTES QUE, PARA O ESCRITOR, PRECISA TER UNHA NOVELA. EL COIDA CADA UN DELES E CONSTRUE A ESTRUCTURA DA HISTÓRIA ATÉ FACERSE CASE IMPERCEPTÍBEL, PARA QUE FLUA DIANTE DOS LEITORES CON NATURALIDADE. SON ALGUNS DOS SEGREDOS QUE ANTÓN RIVEIRO COELLO NOS CONTA, INTENTANDO EXPLICAR AS RAZÓNS QUE O CONVERTEN NUN DOS ESCRITORES MÁIS PREMIADOS DA NOSA LITERATURA.

Zataplán, a aldea mexicana na que se ambienta a novela, pode ter moito de Comala así como a xenealoxía de Suso Paradela, o protagonista, evoca aquela árbore case interminábel dos Buendía. Riveiro Coello leu moito nos mestres Rulfo e García Márquez e a eles lles adica esta nova novela, ou, para falar con máis precisión, a Pedro Páramo e Aureliano Buendía, personaxes coma o que el quixo construír en Suso Parada, o nome que recoñece coma *alter ego*. A eles débella a vocación literaria e, á maneira de homenaxe, a súa Zataplán imaxinaria está na Latinoamérica dos escritores que admira, iso si, recridada con coidado no seu maxin, tentando transmitir as sensacións dunha aldea mexicana, tamén porque, como dixo Lezama Lima –e el cita– “viaxar é un movemento da imaxinación”.

Homónim@, coa arroba da Internet porque é aí onde Paradela atopa a noticia a raíz da que se desenvolverá a historia. En Zataplán, unha aldea mexicana, van inaugurar un centro social co seu mesmo nome. A partir desa información Paradela non acouga até dirixirse a México e investigar quen é aquel que merece tal homenaxe e co que comparte a mesma forma de chamarse. É alí, no deserto mexicano, onde nace a “segunda novela”, a reconstrución da al-

dea na súa historia segundo os dados que vai acadando. É un “xogo de metaliteratura, unha novela dentro doutra novela” que tanto parecen gustar ao autor como xa nos ten demostrado en *A quinta de Saler*, novela na que xa aparecía o protagonista e que semella ter continuación neste novo título.


Para Riveiro Coello esta é case unha novela “matemática” polo moito que traballou a estrutura e o sinfin de personaxes de distintas xeracións que nela aparecen. “A técnica ten que estar ao servizo do lector, non temos que castigalo con camiños diversos. A novela pode parecer mesmo lineal, non hai erros numéricos e o lector non ten que matar a cabeza facendo cadrar personaxes, iso xa correu da miña man” afirma.

Se o fin de *A quinta de Saler* era para os lectores un golpe desacouante, agora Riveiro Coello anuncia unha nova sorpresa. “As dúas persoas que leron quedaron abraçadas co fin e tiveron que, logo, reconstruír a historia para ver como os elementos cadraban”, explica desta novela *intrigante* que describe coma de “linguaxe culta e traballada pero amena e entretida, Suso Paradela quere saber até o fin quen é Suso Paradela e o lector persegue esa mesma teima”. Seguindo na

sua teima de que a boa literatura non ten por que ser escura nen destinada só a uns poucos.

Os segredos para gañar un premio

Homónim@ gañou o *Álvaro Cunqueiro*, premiado con dous millóns de pesetas e convocado polos concellos de Mondoñedo e Vigo, e era un dos tres finalistas para o premio Xerais que se falla o próximo Sábado. Nesta tempada, o autor andaba a presentar *Animalia* (Galaxia) merecedora do *Prémio Café Dublin* e publicada canda relatos que foron galarados no *Modesto Figueiredo*. Noonsel de premios que o escritor ten acumulado atópanse tamén o *Manuel Murguía*, o *Camilo José Cela* e foi finalista do *Torrente Ballester*. Durante un tempo, anos atrás, Riveiro Coello presentábase a canto certame via convocado. Agora é máis se-



lectivo pero o seu trunfo diante de distintos xurís parecen indicar que ten as claves para gañar un concurso literario.

Que se precisa para acadar un premio nun concurso? “De tanto presentarme adquirín certa disciplina para escribir –responde–. O dominio lingüístico é moi importantet. no relato tes que empregar a máxima tensión na mínima expresión, dicir o que queres facer desde o comezo, demostrar que escribes ben e ter un fin sorpresivo. é fundamental

ter un bon final, eu até que non o ideo non comezo a escribir”.

E na novela? “A novela é diferente. É preciso coidar a prosa, teño na metáfora a mellor maneira de crear sensacións novas. Coma lector agradezo a metáfora visual. Compre ademais ter estrutura e escritura. Para facer unha novela fai falta boa imaxinación e boa prosa. Hai estupendas historias desaproveitadas e boas prosas que non teñen historia. O segredo dunha boa novela está en contar con eses dous elementos”. ♦

narrativa

Os saltimbanquis no paraíso
Xelís de Toro

Xelís de Toro
Os saltimbanquis